

# O HOMEM DO NORTE

Robert Eggers, 2022

# 925

ESTREIA EN NUMAX: 29.04.2022 | V.O.S.E. | +16

Drama de aventuras ambientado en Islandia, en pleno século X, que se centra nun príncipe nórdico que busca vinganza pola morte do seu pai.

«O director crea unha atmosfera inmersiva e intensamente evocadora. A coreografía das escenas de combate é fascinante»  
David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



## Entrevista con Robert Eggers: «Se contas historias duras as rodaxes tamén deben selo»

Por Santiago Alverú

**Fálase moito do frío que pasastes na rodaxe. Non pensas facer algunha rodaxe nun lugar tranquilo ou gozas con estes retos?** [Risas] Jarin Blachke, o meu director de fotografía, sempre que estamos mortos de frío di: "un día imos facer un filme sobre picnics na época vitoriana. Sol, bádminton e limonada. Pero xusto veño de rematar un guión no que chove en cada escena dos dous primeiros actos e neva no último. Non podoo evitarlo. As historias que conto, son brutais. Se estivese a contar unha historia alegre e porfiase en rodar baixo a chuvia non tería sentido. Pero se son historias duras e esixentes, as rodaxes tamén deben selo.

**Que significa para ti colaborar cos actores cos que xa traballaches?** Ocorre con todo o equipo, tamén repito coa directora de vestuario Linda Muir, co director de produción Craig Lathrop. É primeira vez que traballo con Robin Carolan como compositor, pero é un dos meus mellores amigos. Parece un cliché, pero é máis doado, enténdeste mellor. Particularmente cos actores, precisas establecer confianza. Eu comecei como actor e deixeiño porque non era quen de conectar coas historias e entregarme por completo. Es completamente vulnerable e precisas confianza.

Cando volvo traballar con Anna Taylor Joy, por exemplo, xa temos esa confianza construída e recupérase de inmediato, mesmo podes ir máis aló de maneira máis doada. Ocorre o mesmo con Willem Dafoe, co director de cada departamento, con todo o mundo diante e detrás da cámara.

**O filme ten unha gran dose de realismo, cun estudo profundo da cultura vikinga. Como traballaches en concreto o amor entre o vikingo e a bruxa para facela, ao mesmo tempo, atractiva para o público e fiel ao período histórico?** Tentas meterte na mente dos teus personaxes, tentas comprender a súa visión do mundo. Non é doado. Ademais como é o meu primeiro filme para un público moi amplo houbo complicacións, ao estudio preocupáballe que resultase un traballo moi frío. Con Sjon [o coguionista] escribimos moitas escenas entre a parella protagonista levada a contextos actuais, como por exemplo nun instituto. Así puidemos atopar detalles necesarios para empatizar co seu romance e eliminamos o resto para non traizoar a súa identidade. Nesa historia hai amor pero tamén supervivencia, necesidade. Ela termina con alguén que se dedica a saquear unha aldea e asasinar inocentes. Pero precisa sobrevivir e el é forte. Desá necesidade agroma unha forma de amor.

No filme hai escenas moi medidas, moi preparadas, e outras nas que xorde algo natural, auténtico. É frustrante sentir que, ao ver o filme, certas escenas quedan moi axustadas, case se nota que os actores están a pisar as súas marcas. Isto recórdame *O faro* (2019). Robert Pattinson, a quen amo e respecto e co que me encantaría volver colaborar, sentía que ensaiabamos de máis, que a miña forma de traballar era moi estrita, que todo eliminaba a espontaneidade que el quería. Dafoe defendía que podes ensaiar un millón de veces, pero para vivilo de maneira natural cómpre concentrarse no presente. Penso agora en Kurosawa, en *Ran* (1985) que, comparada con outras das súas películas, pode resultar tremendamente teatral e é certo que se ensaiaba moitísimo para logo gravar unha soa toma. Se non había erro de cámara ou técnico non se repetía. Hai algo de místico nesa forma de rodar. É algo que noto no saqueo da aldea, esa escena está ben, estou orgulloso dela. E das que non estou tan orgulloso... pois xa farei mellor a próxima vez.